

# VOLVORETA

REVISTA DE LITERATURA, XORNALISMO E HISTORIA DO CINEMA

n.º 2

decembro-2018

## ***EL MALVADO CARABEL***

(Wenceslao Fernández Flórez, 1931): HUMOR E CRÍTICA SOCIAL DA NOVELA Á PANTALLA

Artigos de Héctor Paz Otero, Alicia Longueira Morís, José Luis Castro de Paz, Marina Díaz López e Bernardo Sánchez Salas

Inclúe os guións cinematográficos de W. Francisco e Edgar Neville (1935) e de Manuel Suárez-Caso e Fernando Fernán-Gómez (1955)

E a novela gráfica debuxada por Mingote, publicada no semanario *La Codorniz* en 1953

DVD Edición Especial de:  
***El malvado Carabel***  
(Fernando Fernán-Gómez, 1955)



**Fotografía da cuberta:** Fragmento de fotograma de *El malvado Carabel* (Fernando Fernán-Gómez, 1955)

---

# VOLVORETA

REVISTA DE LITERATURA, XORNALISMO E HISTORIA DO CINEMA

---

SUMARIO      nº 2      decembro - 2018

Editorial presentación.....	5
<i>EL MALVADO CARABEL</i> (1931) HUMOR E CRÍTICA SOCIAL DA NOVELA Á PANTALLA	
<b>HÉCTOR PAZ OTERO:</b> <i>El malvado Carabel</i> (1931): la cólera, el lamento y la burla .....	7
<b>ALICIA LONGUEIRA MORÍS:</b> <i>El malvado Carabel</i> : aproximación a una interpretación gráfica.....	27
<b>JOSÉ LUIS CASTRO DE PAZ:</b> El decisivo eslabón Fernández Flórez en la evolución estilística y semántica del cine español: las dos versiones de <i>El malvado Carabel</i> (Edgar Neville, 1935-Fernando Fernán-Gómez, 1955) .....	37
<b>MARINA DÍAZ LÓPEZ:</b> <i>El malvado Carabel</i> en México. Pretexto y contexto de su adaptación .....	53
<b>BERNARDO SÁNCHEZ SALAS:</b> El dibujado Carabel .....	67
<i>El malvado Carabel.</i> Guion cinematográfico de W. Francisco e Edgar Neville (1935) .....	77
<i>El malvado Carabel.</i> Guion cinematográfico de Manuel Suárez-Caso e Fernando Fernán-Gómez (1955) .....	217
<i>El malvado Carabel.</i> Versión gráfica de Mingote, publicada no semanario <i>La Codorniz</i> entre o 3 de maio e o 8 de novembro de 1953 .....	429
<b>Call for papers nº 3:</b> Wenceslao Fernández Flórez y los escritores gallegos en lengua española .....	491
<b>DVD: <i>El malvado Carabel</i> (FERNANDO FERNÁN-GÓMEZ, 1955)</b>	

---

Revista da Fundación Wenceslao Fernández Flórez, editada por Vía Láctea Editorial en Perillo-Oleiros (A Coruña), co apoio da Deputación da Coruña e do Concello de Cambre.

**Dirección:** Xosé María Dobarro Paz. **Redactora Xefa:** Natalia Alonso Ramos. **Secretario de Redacción:** Fernando Gómez Beceiro. **Documentación e Índices de Calidade:** Mercedes López-Mayán. **Deseño:** Juan de la Fuente. **ISSN.-** 2530-9943. **Depósito legal:** C 838-2017. **Impresión:** Lugami Artes Gráficas.

<https://www.fundacionwenceslaoff/publicaciones>

© 2018 **Volvoreta**. Reservados todos os dereitos. O contido desta revista está protexido pola Ley, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

---

# VOLVORETA

REVISTA DE LITERATURA, XORNALISMO E HISTORIA DO CINEMA

## Director

Xosé María Dobarro Paz (Catedrático de Literatura na Universidade da Coruña)

## Redactora Xefa

Natalia Alonso Ramos (Fundación Wenceslao Fernández Flórez)

## Secretario de Redacción

Fernando Gómez Beceiro (Fundación Wenceslao Fernández Flórez)

## Documentación e Índices de Calidade

Mercedes López-Mayán

## COMITÉ DE REDACCIÓN

Carmen Arocena Badillos (Universidad del País Vasco)

José Luis Castro de Paz (Universidade de Santiago de Compostela,

Presidente da Fundación Wenceslao Fernández Flórez)

Carmen Ciller Tenreiro (Universidad Carlos III de Madrid)

Juan Miguel Company (Universitat de València)

José María Folgar de la Calle (Universidade de Santiago de Compostela)

Alicia Longueira Moris (Directora da Casa-Museo Wenceslao Fernández Flórez)

Fidel López Criado (Universidade da Coruña)

Alejandro Montiel Mues (Universidad Politécnica de Valencia)

Héctor Paz Otero (Secretario da Fundación Wenceslao Fernández Flórez)

Antonio Suárez Calvo (Vía Láctea Editorial)

## COMITÉ CIENTÍFICO

Carmen Becerra (Universidade de Vigo)

Juan Cantavella (Universidad San Pablo CEU)

Francisco Caudet (Universidad Autónoma de Madrid)

Malcom Compitello (University of Arizona)

Santiago Daydi-Tolson (University of Texas)

Francisco Javier Díez de Revenga (Universidad de Murcia)

Ángeles Encinar (Saint Louis University)

Antonio Luis Fernández-Flórez Muñoz de Morales †

Wenceslao Fernández-Flórez Muñoz de Morales †

Manuel Fernández Sande (Universidad Complutense de Madrid)

Fermín Galindo (Universidade de Santiago de Compostela)

Alexis Grohmann (University of Edinburgh)

Francisco Javier Gutiérrez (Universidade de Santiago de Compostela)

Sylvie Hanicot-Bourdier (Université de Lorraine)

José Jurado Morales (Universidad de Cádiz)

Margarita Ledo Andión (Universidade de Santiago de Compostela)

Teodoro León Gross (Universidad de Málaga)

Santiago López Ríos (Universidad Complutense de Madrid)

José- Carlos Mainer (Universidad de Zaragoza)

Alfredo Martínez Expósito (University of Melbourne)

Eftimia Pandis Pavlakis (Universidad Kapodistriaca de Atenas)

Pedro Paniagua Santamaría (Universidad Complutense de Madrid)

Julio Pérez Perucha (Presidente de la Asociación Española de Historiadores del Cine)

Domingo de Ródenas Moya (Universitat Pompeu Fabra)

Fernando Rodríguez Lafuente (ABC)

Santos Sanz Villanueva (Universidad Complutense de Madrid)

Michael Scott Doyle (University of North Carolina at Charlotte)

Jean-Claude Seguin (Université Luis Lumière Lyon II e presidente de honra do Grimh)

William Sherzer (Brooklyn College)

Santos Zunzunegui Diez (Universidad del País Vasco)

---

# Editorial

XOSÉ MARÍA DOBARRO PAZ

DIRECTOR DE *VOLVORETA. REVISTA DE LITERATURA, XORNALISMO E HISTORIA DO CINEMA.*

O número 2 de *Volvoreta. Revista de Literatura, Xornalismo e Historia do Cinema*, está integramente dedicado a unha das novelas máis populares de Wenceslao Fernández Flórez, *El malvado Carabel*, publicada en 1931 –á vez que se instauraba a 2ª República–, aínda que algúns dos seus primeiros capítulos apareceran xa, en versións logo máis ou menos modificadas, na revista *Lecturas* desde 1928. En momentos de progresiva crise social e política, Fernández Flórez dá mostra nesta obra dun humor profundamente crítico e debuxa as inxustizas do país por medio dun personaxe inesquecible co que se identificarán traballadores e obreiros de toda condición até convertelo nun símbolo.

Continuando o camiño aberto no número 1, *Volvoreta* complementa o estudo da novela (artigo do Dr. Héctor Paz Otero) e as súas portadas e ilustracións (Dra. Alicia Longueira Morís), coa análise rigorosa das dúas versións cinematográficas rodadas en España, dirixidas por Edgar Neville (1935) e Fernando Fernán-Gomez (1955) (Dr. José Luís Castro de Paz), así como da dirixida en México por Rafael Baledón en 1960 (Dra. Marina Díaz López). No presente número, estúdase tamén a versión gráfica, debuxada por Mingote, que a revista *La Codorniz* publicou ao longo de varios meses en 1953 (Dr. Bernardo Sánchez Salas).

Nun esforzo editorial especialmente custoso en tempo e recursos que nos deixa case sen alento, este volume incorpora materiais de gran valor artístico, histórico e documental. En primeiro lugar, o guion orixinal de Edgar Neville e W. Francisco (Franz Winterstein), conservado na Fundación Wenceslao Fernández Flórez e peza chave para a análise dunha película hoxe desgraciadamente perdida. En segundo lugar, un guion de Fernando Fernán-Gómez e Manuel Suárez Caso que, por fortuna, non se corresponde co rodado, senón que é pegada

dun período anterior no que o cineasta pretendeu manter no escenario a historia de Ginesta e Germana, finalmente desbotada. Nas páxinas finais, a excelente versión gráfica de Mingote, tal e como a conservaba o propio Fernández Flórez na súa biblioteca (coidadosamente pegada nun luxoso caderno, aínda que unha soa páxina da revista se corte e se convirta case sempre en dúas ou tres). Neste senso, queremos agradecer dende estas liñas, a xentil cesión dos dereitos destas obras por parte dos fillos e neta de Fernando Fernán-Gómez, así como a Isabel Vigliola, viúva de Mingote (e secretaria de Edgar Neville durante 20 anos).

Como feliz colofón, o volume inclúe un DVD de *El malvado Carabel* (Fernando Fernán-Gómez,

1955), editado especialmente para a ocasión, e que incorpora como extra o pequeno pero significativo fragmento conservado da versión republicana.

Aínda que o noso próximo número será xa exclusivamente dixital, e loxicamente diversificará os seus contidos máis aló da análise das novelas e películas que centrou o interese dos dous volumes iniciais, o noso empeño en manter a calidade e o rigor da publicación non variará. O número 2 de *Volvoreta* marca, polo tanto, un punto de inflexión na evolución da revista, mais serve, ao mesmo tempo, como referente do nivel que deben acadar os seus artigos alén dos vindeiros anos.